

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE
TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN
CAETANO O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se dispón que cese Javier Batán Rodríguez como secretario xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- Decreto polo que se dispón que cese Teresa Rey Barreiro- Meiro como directora xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- Decreto polo que se dispón que cese Loreto San Gómez como directora xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- Decreto polo que se dispón que cese M^a José Bravo como directora xeral do Voluntariado Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- Decreto polo que se dispón que cese Elisa Madarro González como directora xeral do Maior Persoas con Discapacidade da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- Decreto polo que se dispón que cese Pedro Puy como director xeral de Relacións Institucionais da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

- Decreto polo que se dispón que cese María Rosa Díaz como delegada provincial da Coruña da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

- Decreto polo que se dispón que cese Coro Piñeiro Vázquez como delegada provincial de Lugo Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

- Decreto polo que se dispón que cese Isidro José Cabero Juárez como delegado provincial de Ourense da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco José González Vicente como delegado provincial Pontevedra da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a Antón Losada Trabada.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

- Decreto polo que se dispón que cese Benito Díez Arce como secretario xeral da Presidencia.

- Decreto polo que se dispón que cese M^a Esther Regueiro Fernández como directora xeral xefa do Departamento de Protocolo e Relacións Públicas.

- Decreto polo que se dispón que cese José M^a Veloso Castaño como director xeral do Gabinete de Apoio.

- Decreto polo que se dispón que cese Jesús M^a Gamallo Aller como secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior.
- Decreto polo que se dispón que cese Alfonso Cabaleiro Durán como secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos.
- Decreto polo que se dispón que cese Pablo Figueroa Dorrego como secretario xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Milagros Vázquez Tenorio como directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Jaime Bouzada Romero como inspector xeral de Servizos da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Álvaro Rodríguez Carballo como director xeral de Organización e Sistemas Informáticos da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Estanislao de Kostka Fernández Fernández como delegado provincial da Coruña da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese José M^a Moraleja Alonso como delegado provincial de Lugo da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese José Rojo Salgado como delegado provincial de Ourense da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Joaquín Queizán Taboada como delegado provincial de Pontevedra da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

- Decreto polo que se dispón que cese Jesús Pablo Fernández Moreiras como director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto polo que se dispón que cese Ignacio José Otero López como director xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- Decreto polo que se dispón que cese Manuel E. Martínez Oubiña como secretario xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Decreto polo que se dispón que cese Juan José Martín Álvarez como director xeral de Xustiza da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Decreto polo que se dispón que cese Alfonso Rueda Valenzuela como director xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Decreto polo que se dispón que cese José Benito Suárez Costa como director xeral de Interior e Protección Civil da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Vázquez Taín como director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.
- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Luis Silva Constenla como delegado provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Teijeiro Álvarez como delegado provincial de Lugo da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Decreto polo que se dispón que cese María Sol Díaz Mouteira como delegada provincial de Ourense da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

- Decreto polo que se dispón que cese Sonia Lorenzo Santos como delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Díaz Otero como secretario xeral da Consellería de Emigración.

- Decreto polo que se dispón que cese Juan Jesús Castellano Herrero como director xeral de Emigración da Consellería de Emigración.

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco Javier Álvarez Barbeito como director xeral de Inmigración da Consellería de Emigración.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Presidencia a Gumersindo Guinarte Cabada.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Comunicación a Juan Fernando Salgado García.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a Francisco Carballal LUGRÍS.

- Decreto polo que se nomea director xeral da Función Pública a José Rodríguez González.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Relacións Parlamentarias a Manuel Guillermo Varela Flores.

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Interior a María Isabel Durántez Gil.

- Decreto polo que se nomea delegada provincial da Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a Esther González Saavedra.

- Decreto polo que se nomea delegada provincial de Lugo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Lugo a Begoña Santos Fernández.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese Emilio Álvarez Rey como secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda a Juan Hernández López.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se dispón que cese Martín Fernández Prado como director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Urbanismo a Ramón Saúl Lueje Espina.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón que cese Néstor Valcárcel Teijeiro como secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a Benito Roberto Fernández Rodríguez.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Jesús Santiago Vázquez San Luis como secretario xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

- Decreto polo que se dispón que cese Pedro Merino Gómez como director xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

- Decreto polo que se dispón que cese José Manuel González González como director xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

- Decreto polo que se dispón que cese Víctor Tello Calvo como director xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

- Decreto polo que se dispón que cese Juan Caamaño Cebreiro como director do Instituto Enerxético de Galicia.

- Decreto polo que se dispón que cese María de los Ángeles Antón Vilasánchez como directora xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria a Emilio Nogueira Moure.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Álvarez Vidal como secretario xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

- Decreto polo que se dispón que cese Alejandro Martínez- Geijo Nogueira Soares como director xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

- Decreto polo que se dispón que cese Miguel Fernández Rodríguez como director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

- Decreto polo que se dispón que cese Secundino Grobas Mosquera como director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

- Decreto polo que se dispón que cese José Jesús Cudeiro Mazaira como director xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería do Medio Rural a Alberte Souto Souto.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias a Xosé Carballido Presas.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria a Antonio Santiago Oca Fernández.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Desenvolvemento Rural a Edelmiro López Iglesias.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal a Gonzalo Flores Calvete.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se dispón que cese Andrés González Murga como secretario xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

- Decreto polo que se dispón que cese María del Carmen García Campelo como directora xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

- Decreto polo que se dispón que cese Ángel Sicart Giménez como director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

- Decreto polo que se dispón que cese José Ramón Lete Lasa como director xeral para o Deporte da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Carlos Monclús Díez de Ulzurrun como secretario xeral da Consellería de Sanidade.

- Decreto polo que se dispón que cese Berta Cuña Estévez como directora xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Sanidade a José Manuel Peña Penabad.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral do Servizo Galego de Saúde a Antolín Rodríguez Martínez.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto polo que se dispón que cese Miguel Ángel López Sieiro como secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

- Decreto polo que se dispón que cese M^a del Carmen Bouso Montero como directora xeral de Recursos Mariños.

- Decreto polo que se dispón que cese Andrés Hermida Trastoy como director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

- Decreto polo que se dispón que cese Rosa M^a Quintana Carballo como directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a Miguel Ángel López Sieiro.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Recursos Mariños a Francisco Nicolás Fernández Cortés.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a Manuel Adolfo Cabirta Garrido.

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro a M^a Fátima del Pilar Linares Cuerpo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se dispón que cese Justo de Benito Basanta como secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente.

- Decreto polo que se dispón que cese Justo de Benito Basanta como presidente do organismo autónomo Augas de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se dispón que cese María del Mar Pousa Cobas como secretaria xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

- Decreto polo que se dispón que cese Andrés Castro Bande como director xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

- Decreto polo que se dispón que cese Odilo Martiñá Rodríguez como director xeral de Formación e Colocación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Traballo a José Vázquez Portomeñe.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Promoción do Emprego a Álvaro Ansias Bacelar.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Formación e Colocación a Pastor Fuenteseca Díaz.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Redondo López como director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Vivenda e Solo a Enrique Urdiales de Santiago.

Nesta reunión, o novo Goberno galego tamén aprobou o decreto polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia

O CONSELLO APROBA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DOS DEPARTAMENTOS DA XUNTA

O Consello da Xunta, reunido hoxe en San Caetano, aprobou o decreto polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establecidos polo decreto da Presidencia asinado polo titular do Goberno autonómico, Emilio Pérez Touriño. Trátase da segunda xuntanza do Executivo autonómico logo da toma de posesión dos seus membros o pasado xoves. Ademais, o novo Goberno galego aprobou o decreto polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta.

Dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia a Secretaría Xeral da Presidencia –na que se integran a Asesoría Xurídica e a Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia; a Secretaría Xeral de Análise e Proxección; a Secretaría Xeral de Comunicación -a que estará adscrita a Compañía de Radiotelevisión de Galicia e a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual-; a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores - que contará cunha Dirección Xeral de Cooperación Exterior-; a Secretaría Xeral de Emigración; e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

No texto do decreto da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, establécese unha **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar** que se estrutura nunha Secretaría Xeral; a Secretaría Xeral de Relacións Institucionais; a Secretaría Xeral de Igualdade e a Secretaría Xeral do Benestar. Dentro desta última integrarase a Dirección Xeral de Acción Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. O organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller quedará adscrito á Vicepresidencia.

A **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** contará cunha Secretaría Xeral e sete direccións xerais: a Dirección Xeral da Función Pública; a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas; a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias; a Dirección Xeral de Xustiza; a Dirección Xeral de Interior; a Dirección

Xeral de Protección Civil e a Dirección Xeral de Administración Local. Quedan adscritos a este departamento autonómico a Escola Galega de Administración Pública e o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

A **Consellería de Economía e Facenda** estruturase nos seguintes órganos superiores: Secretaría Xeral e do Patrimonio; Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; Dirección Xeral de Tributos; Dirección Xeral de Orzamentos; Dirección Xeral de Tributos; Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro; e Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Estarán adscritos a esta consellería o Instituto Galego de Estatística, o Instituto Galego de Promoción Económica e o Ente Público Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

A **Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes** contará cunha Secretaría Xeral e con tres direccións xerais: a Dirección Xeral de Urbanismo, a Dirección Xeral de Obras Públicas e a Dirección Xeral de Transportes. O ente público **Portos de Galicia** queda adscrito a este departamento do goberno autonómico.

A **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** estruturase nunha secretaría xeral e en catro direccións xerais: a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia e a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

No que respecta á **Consellería de Innovación e Industria**, estruturase nos seguintes órganos superiores: unha Secretaría Xeral; a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación; a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas; a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información; a Dirección Xeral de Comercio e Consumo e a Dirección Xeral de Turismo. Quedan adscritos a esta Consellería o Instituto Galego de Consumo e o Instituto Enerxético de Galicia.

A **Consellería do Medio Rural** vai contar cunha Secretaría Xeral e cinco dirección xerais: a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias; a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria; a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural; a Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal e Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Adscribíense a este departamento autonómico o Ente Público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Fondo Galego de Garantía Agraria.

Ademais dunha Secretaría Xeral, a **Consellería de Cultura e Deporte** vai contar coa Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural; a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; e a Dirección Xeral para o Deporte. O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais queda adscrito a este departamento autonómico.

Unha Secretaría Xeral; a Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria serán os órganos superiores da nova **Consellería de Sanidade**. O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo -estruturado en secretaria xeral do Servizo Galego de Saúde, División de Asistencia Sanitaria, División de Recursos Económicos e División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional- queda adscrito a este departamento autonómico.

O decreto tamén establece que a **Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos** contará cunha Secretaría Xeral; e tres direccións xerais: a de Recursos Mariños, a de Estruturas e Mercados da Pesca; e a de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. O Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia integrarase neste departamento.

A **Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible** conta cunha Secretaría Xeral; a Dirección Xeral de Conservación da Natureza; a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental; e o Centro de Desenvolvemento Sostible. Quedan adscritos a esta Consellería o Organismo Autónomo Augas de Galicia e o Ente Público Obras e Servizos Hidráulicos.

Unha secretaría e tres dirección xerais conforman o organigrama **da Consellería de Traballo:** a Secretaría Xeral; a Dirección Xeral de Promoción do Emprego; a Dirección Xeral de Formación e Colocación; e a Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Por último, a **Consellería de Vivenda e Solo** estruturase nunha secretaría xeral e na Dirección Xeral de Arquitectura e Vivenda. Queda adscrito a esta Consellería o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Segundo recolle o texto do decreto, en todas as consellerías existirá unha delegación provincial na que se integrarán os órganos e servizos existentes en cada provincia. Na Consellería de Economía e Facenda e na de Pesca e Asuntos Marítimos as delegacións serán territoriais. Así mesmo, créanse as delegacións de Benestar Social dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social.

PRESIDENCIA

SECRETARIO XERAL

Gumersindo Guinarte Cabada

Nacido no concello pontevedrés de Forcarei en 1961, Gumersindo Guinarte Cabada é doutor en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

Dende o ano 1983 forma parte do corpo docente da Universidade compostelá, na Facultade de Dereito. En 1989 acadou a praza de Profesor Titular de Dereito Penal.

Guinarte Cabada é autor de varios libros e numerosos artigos de investigación sobre temas da súa especialidade, sobre todo nos eidos do Dereito penal económico, da concorrencia, tráfico de drogas e de menores.

Entre 1991 e 1994 foi director do Instituto Universitario de Criminoloxía da USC, a partir dese ano ocupou o cargo de Secretario Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Ata a súa incorporación á Administración Autonómica viña desempeñando o posto de Vicevaledor do Pobo de Galicia, para o que foi proposto polo Parlamento galego en 2002.

PRESIDENCIA

SECRETARIO XERAL DE COMUNICACIÓN

Juan Fernando Salgado García

Natural de Monterroso (Lugo), onde naceu no 1953, Fernando Salgado é licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid.

Durante a súa carreira profesional, foi xefe da sección de Economía do xornal *La Voz de Galicia*, cargo que abandonou para ser conselleiro de Economía da Xunta de Galicia, entre 1987 e 1989.

Posteriormente, foi deputado autonómico dende 1989 ata 1994, período no que chegou a facerse cargo da portavocía do Grupo Parlamentario Socialista.

En setembro dese ano, abandonou o Parlamento autonómico para dirixir o diario *El Progreso de Lugo*. No 2000, deixou este posto para exercer como delegado provincial de *La Voz de Galicia*.

É autor de diversas publicacións, entre as que salientan os estudos biográficos que ten elaborado sobre a figura do escritor e xornalista Lorenzo Varela, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas no ano 2005.

Na actualidade exerce como profesor na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade da Coruña e na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Antón Losada Trabada

Nacido en A Vara, no municipio de Xove (Lugo), en 1966, é profesor titular de Ciencia Política no Departamento de Socioloxía e Ciencia Política da Universidade de Santiago de Compostela desde 1998, institución na que se licenciou en Dereito en 1988.

Doctor Europeo en Dereito tras presentar, en marzo de 1998, a tese titulada *O impacto dunha política sobre a consolidación institucional da autonomía: Análise da Política de Pesca en Galicia*, no Departamento de Socioloxía e Ciencia Política da Universidade de Santiago.

Foi *Visiting Researcher* na Universidade de Georgetown, Washington, entre xaneiro e marzo do 2000, becado pola Secretaría de I+D da Xunta de Galicia.

Máster en Xestión Pública pola Universitat Autònoma de Barcelona, fixo estudos de *Postgraduate in Public Administration* na London School of Economics durante o curso 1992-93, becado polo Instituto Nacional de Administración Pública.

Antón Losada ten desenvolvido así mesmo unha actividade xornalística tanto en medios estatais como galegos, ben como articulista (nos xornais *Diario de Galicia*, *La Voz de Galicia*, *Diario 16*, *La Opinión A Coruña*, *El Periódico de Cataluña* ou *Xornal.com*), ben como comentarista radiofónico (*Cadena Ser*, *RadioVoz*), ben coma guinista e presentador (*Radio Nacional de España R-4*, *TVE-Galicia* e *TVG*). Neste sector, desenvolveu labores executivos no mundo da radiodifusión como Director Xeral de *RadioVoz* e Adxunto ao Conselleiro Delegado do Grupo Voz (1995-1997).

É, así mesmo, autor de múltiples publicacións ligadas especialmente ó eido da ciencia política e da pesca.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARIO XERAL

Francisco Carballal Lugrís

Nacido en Ferrol, en 1952, Francisco Carballal Lugrís é licenciado en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e ten estudos da carreira de Socioloxía na Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía de Madrid.

Ingresou por concurso-oposición na Administración do Estado no Grupo A no ano 1974, desempeñando tarefas de asesor xurídico e con destino no Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

En marzo de 1980 foi nomeado pola Dirección Xeral do Contencioso, Avogado do Estado substituto para coadxuvar tarefas en materias do Ministerio de Traballo na provincia da Coruña. Simultaneamente, obtén a praza de Xefe de Sección de Sancións e Recursos en materia de Emprego e Seguridade Social –na Dirección Provincial da Coruña- do Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

En 1985 obtén a praza de Secretario xeral da Dirección Provincial do Ministerio de Traballo e Seguridade Social na Coruña e en 1987 foi nomeado Secretario Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia.

Accede á escala de Letrados da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia en 1991, destinado na Coruña. Así mesmo, desempeñou o posto de Letrado Xefe da Asesoría xurídica do SERGAS na Coruña. Dende o mes de outubro do ano pasado ocupa o posto de Director de Área de Fomento da Delegación do Goberno en Galicia.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

José Rodríguez González

Nacido en Ourense no ano 1971, José Rodríguez González é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago título obtido en 1994. Posteriormente realizou estudos de postgrao, especializándose en Dereito Civil.

No ano 1998 ingresou por oposición na Escola de Letrados da Xunta de Galicia, destinado na Asesoría Xurídica da Xunta foi adscrito ó Gabinete de Asuntos Constitucionais e defensa Xurisdiccional onde re realizou funcións de defensa especialmente no ámbito contencioso-administrativo e social.

No ano 2003 foi nomeado Xefe do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e na actualidade é Xefe de Desenvolvemento Lexislativo no mesmo centro .

É colaborador na formación do alumnado da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1999, e responsable das practicas externas realizadas polos alumnos de esa facultade.

Dirixe a Revista da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e colaborou coma docente na formación de funcionarios a través da Escola galega de Administración Pública.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DE RELACIONES PARLAMENTARIAS

Manuel Guillermo Varela Flores

Manuel Guillermo Varela Flores naceu en Lugo en 1950. É licenciado en Dereito, enxeñeiro técnico agrícola. Así mesmo, posúe o curso de doutoramento do programa Paz e seguridade internacionais do Instituto Universitario G. Guitérrez Mellao e dous cursos na escola de Altos Estudos Militares do Estado Maior da Defensa.

Na súa traxectoria profesional conxuga experiencia na docencia, na avogacía e nos cargos políticos institucionais. Foi profesor de Análise Químico na Escola de I.T.A. da Universidade de Santiago de Compostela, desempeñou funcións no Corpo Especial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Administración Xeral do Estado, con destino na Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda.

Manuel Guillermo Varela Flores foi concelleiro do Concello de Lugo entre 1979 e 1991, membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia, Deputado do Parlamento de Galicia –entre decembro de 1985 e xullo de 1986- e Deputado no Congreso na III, IV e V Lexislaturas. Na VI Lexislatura foi Senador.

Entre 1996 e 2000 foi membro da delegación española na Asemblea Parlamentaria da OTAN.

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR

María Isabel Durántez Gil

Nacida o 13 de agosto de 1963 en Palencia, María Isabel Durántez Gil é licenciada en Dereito pola Universidade de Valladolid.

Incorporouse á Carreira Xudicial en 1989 como Xuíza titular do Xulgado de Distrito de Benavente (Zamora). En 1990 foi promovida á categoría de Maxistrada-Xuíza, incorporándose como titular ao Xulgado de Instrucción nº 1 de Bilbao.

Posteriormente, exerceu como Maxistrada-Xuíza no Xulgado do Social Nº 3 de Pontevedra –ostentando ademais a condición de Xuíza Decana desta cidade- e no Xulgado de Instrucción Nº 1 da cidade de Vigo.

Na súa traxectoria como docente figuran o Curso sobre práctica procesal penal, organizado polo Departamento de Xustiza do Goberno Vasco, no ano 1992; e a súa experiencia como profesora no ámbito penal e procesal-penal na Escola de Práctica Xurídica Concepción Arenal do Ilustre Colexio de Avogados e Ilustre Colexio de Procuradores de Vigo. Ademais, dende o ano 2001 é titora na Escola Xudicial-Formación Continuada para a Formación de Xuíces Substitutos organizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Tamén foi titora no Master Xudicial destinado á preparación de oposicións de acceso á Carreira Xudicial organizado nos anos 1997-1998 e 2000-2001 pola Universidade de Santiago de Compostela, o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e Caixanova.

Participou no Programa de *Visitantes Internacionais* para o coñecemento do Sistema xudicial penal de Estados Unidos durante os meses de febreiro e marzo de 1997, a través dunha bolsa concedida pola embaixada norteamericana en España.

Posúe a Cruz do Mérito Policial con distintivo branco, concedida en 2004 polo Ministerio do Interior, e o Premio Solidaridad 2005 da Asociación ÉRGUETE.

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Esther González Saavedra

Esther González Saavedra ten 53 anos e é Enxeñeira Agrónoma pola Universidade de Santiago de Compostela e Técnica Agrícola na especialidade de Explotacións Agrarias pola Universidade Politécnica de Madrid. Conta cos títulos administrativos de Enxeñeira Técnica Agrícola do Estado e do Corpo Facultativo Superior na especialidade de Enxeñeiros Agrónomos da Xunta de Galicia.

Exerceu como Enxeñeira Técnica Agrícola do Estado destinada na Coruña dende 1974 e ata o ano 1982, que foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia. Ocupou postos administrativos como Xefe de Negociado e Xefe de Sección ocupando funcións de promoción e desenvolvemento de explotacións agrarias no Servicio de Producción Agropecuaria e xestión das liñas de axuda á mellora das infraestructuras productivas tralo ingreso de España na U.E., entre outras.

En 1994 accede ao Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia na especialidade de Enxeñeiros Agrónomos. Dende este ano ata 1996 foi xefe de Área de Servizo de Desenvolvemento Rural, levando a cabo tarefas de concentración parcelaria e infraestructuras agrarias na provincia da Coruña. Ocupou o posto de Directora de obras de camiños rurais de zonas de concentración.

Posteriormente, foi xefa do Servicio de Axudas Estructurais na Administración Autonómica, xefa de área no Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia na Coruña, e, ata a actualidade, desempeñaba a xefatura de área do Servicio de Industrias e Promoción Agroalimentaria na Coruña, desenvolvendo actuacións que promovan medidas de desenvolvemento e mellora de transformación e comercialización de produtos agrarios.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA**

DELEGADA PROVINCIAL EN LUGO

María Begoña Santos Fernández

Nacida en Lugo en 1962, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago dende 1985.

No ámbito profesional, é avogada en exercicio con bufete propio dende 1996 e atópase inscrita no turno de oficio especial do Colexio de Avogados de asistencia á vítima de violencia doméstica e xustiza de menores.

Exerceu tamén coma Directora da Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo dende o curso 96-97 ata a actualidade o tempo que é membro da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo no cargo de Bibliotecaria Contadora.

Impartiu clases de Deontoloxía e Dereito Matrimonial na Escola de Práctica Xurídica de Lugo dende o curso 96-97 ata a actualidade acadando a titoría de Dereito Matrimonial. Na actualidade tamén é colaboradora no Plan Estratéxico para a Igualdade da Muller que está a realizarse na actualidade no Concello de Lugo.

Ó longo destes últimos anos completou a súa formación coa asistencia a numerosos cursos e seminarios tanto no seu cargo coma Directora da Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo coma dunha forma persoal, centrándose dunha maneira especial nos temas relacionados co Dereito Laboral e as novas formas de sancións enfocadas ao ben social.

Un dos seus últimos actos coma Directora da Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo foi a súa presenza na Xunta de Xuntas de Goberno de España celebrada en Tenerife en Mayo de 2005.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

SECRETARIO XERAL E DO PATRIMONIO

Juan Hernández López

Nado na Coruña, en decembro de 1947, está casado e ten tres fillos.

Juan Hernández López é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Ingresou por oposición no Concello da Coruña como Técnico da Administración Xeral no 1974.

Entre outros postos, Hernández López prestou os seus servizos no Departamento de Estudos e Programación, dende 1975, e como xefe da Unidade de Patrimonio dende 1977, ambos no Concello da Coruña. A partir de 1984, desenvolveu o labor de Técnico da Asesoría Xurídica da administración municipal coruñesa.

Na actualidade, e dende 1994, encargouse da dirección dos Servizos Xurídicos do Concello da Coruña.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DIRECTOR XERAL DE URBANISMO

Ramón Saúl Lueje Espina

Nacido en Avilés (Asturias) en 1958, Ramón Saúl Lueje Espina é licenciado en Xeografía pola Universidade de Oviedo (1975-1980) e diplomado en Técnico Urbanista polo Centro de Estudos Urbanísticos e Territoriais do Instituto Nacional de Administración Pública.

A súa experiencia profesional está vinculada coas administracións locais: foi xefe da Oficina Municipal de Xestión Urbanística e director de Planeamento e Xestión Urbanística do concello de Avilés (1982-2001); ademais de director da área de Urbanismo e Infraestruturas no concello de Santiago de Compostela (2001-2004).

Desde xuño de 2004, é director xeral de *Sogepsa, Sociedade Mixta de Xestión e Promoción do Solo, S.A.*, unha empresa de capital mixto, situada no Principado de Asturias baseada na xestión e execución do planeamento urbanístico.

Ramón Saúl Lueje Espina é profesor do Centro de Estudos Urbanísticos e Territoriais do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), no que dirixe o taller de Planificación Estratéxica no Curso Superior de Urbanismo, así como colaborador do Centro de Estudos de Desenvolvemento Territorial da Universidade de Oviedo. Así mesmo, ten impartido distintos masters, cursos e relatorios sobre planeamento e xestión urbanística, sistemas de información territorial e xeográfica e sobre organización e modernización da administración local.

Tamén foi membro da comisión técnica de estudo e análise da reforma da lexislación urbanística de Galicia, en representación do Concello de Santiago de Compostela.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

SECRETARIO XERAL

Benito Roberto Fernández Rodríguez

Naceu en Lobios, Ourense, en 1959. É doutor en Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela

É funcionario en excedencia do Corpo de Profesores de Ensino Secundario e funcionario do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.

Dende o ano 1987 é xefe do Servizo de Promoción da Investigación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, dende 1998, adscrito á Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Ocupou o cargo de subdirector xeral de Xestión Administrativa e Económica da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento dende febreiro de 1999 ata a actualidade.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

SECRETARIO XERAL

Emilio Nogueira Moure

Nado en Pontevedra en 1969. Licenciado en CC. Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1992. Especialista en Comercio Exterior pola USC en 1993. Postgrado en Economía dos Recursos Naturais e Medioambiente (Universidade de Alcalá de Henares) en 1997. Diploma de Especialista sobre a Unión Europea-Galicia da Asociación Galega de Estudos Europeos. EGAP 1999.

Foi membro do Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais da USC durante varios anos, participando en numerosos proxectos e na elaboración de diversas publicacións e documentos científicos.

Realizou estadias como *Visiting Scholar-Honorary Fellow* no Departamento de Economía Agraria da Universidade de Wisconsin-Madison (EEUU) en 1994 e 1995.

Desde 1997 é responsable técnico de alternativas programáticas do Bloque Nacionalista Galego (BNG), responsable de economía do Gabinete de Estudos e Asesor Parlamentario do BNG.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SECRETARIO XERAL

Alberte Souto Souto

Naceu en Igrexafeita (San Sadurniño) en 1971.É licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e avogado non exercente do Colexio de Avogados de Ferrol.

Durante o período 1996-1999 exerceu como avogado especializado en asuntos agrarios e como asesor xurídico do Sindicato Labrego Galego. Tamén foi asesor dos grupos parlamentarios do BNG no Congreso, no Senado e no Parlamento Galego, así como da Fundación Galicia Sempre.

No terreo político é membro da Comisión de Garantías do BNG e do Consello Comarcal desta formación en Ames (A Coruña).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Edelmiro López Iglesias

Naceu en Bilbao no ano 1960 pero está vencellado familiarmente co concello ourensán da Peroxa. É doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela e obtivo o premio extraordinario tanto de licenciatura como de doutoramento.

Dende 1984 ven desenvolvendo á súa actividade profesional e académica no Departamento de Economía Aplicada desta universidade, onde exerce como Profesor Titular. Ademais, dende 1999, ocupa o cargo de Director do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA). A súa investigación céntrase nos campos da economía e da política agraria, o desenvolvemento rural e a economía rexional, nos que ven participando en máis de vinte proxectos de estudo.

Realizou estadias en varias Universidades e centros de investigación estranxeiros como o CIRAD e o INRA en Montpellier (Francia) e a Universidade de Guadalaxara (México). Autor de numerosos artigos en revistas especializadas e publicacións colectivas, desde 1995 forma parte do equipo redactor dos Informes sobre economía galega que edita anualmente a Fundación Caixa Galicia e foi un dos responsables do Libro Branco da Agricultura e o Desenvolvemento Rural elaborado en 2003 polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Membro desde 2001 da xunta directiva da Asociación Española de Economía Agraria (AEEA) formou parte tamén do consello de redacción da Revista Española de Economía Agraria.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECTOR XERAL DE PRODUCCIÓN, INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMENTARIA

Antonio Santiago Oca Fernández

Antonio Oca Fernández naceu na Rigueira, en Lugo. Pertence á Escola de Profesores de Capacitación Agraria da Xunta de Galicia. Desde 1967 é funcionario do Servizo de Extensión Agraria, desenvolvendo a súa actividade na Axencia Comarcal de Ribadeo ata o ano 1986.

Foi xefe provincial do Servizo Nacional de Produción Agraria, dependente do Ministerio de Agricultura e Alimentación, en Ourense. A finais de 1987 foi nomeado director xeral de Extensión e Capacitación Agraria. Dende febreiro de 1990 desenvolve a súa actividade profesional no Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria (CFITAGA) nos Servizos Centrais da Consellería. Foi responsable da Comisión de Agricultura do BNG dende 1994 ata o 2004.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECTOR XERAL DE INVESTIGACIÓN, TECNOLOXÍA E FORMACIÓN AGROFORESTAL

Gonzalo Flores Calvete

Naceu en Sevilla no ano 1954, aínda que está vencellado á cidade da Coruña. É doutor en Enxeñería Agrónoma pola Universidade Politécnica de Madrid e fixo estudos de Posgrao na Universidade de West Virxinia, nos Estados Unidos. Así mesmo realizou un Máster en Seguridade do Traballo e posúe o título de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais.

Comezou a súa andaina como investigador no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, onde desenvolveu diversos proxectos nas áreas de alimentación animal e produción de ovino e vacún. Do mesmo xeito, ten experiencia investigadora en temas de socioeconomía agraria.

O ano pasado recibiu o Premio de Investigación que concede anualmente a Consellería do Medio Rural. Na actualidade dirixe varios proxectos de investigación relacionados coa área de Seguridade Alimentaria nos procesos de produción do sector primario.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECTOR XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

Xosé Carballido Presas

Naceu no concello ourensán de Carballiño, no ano 1958. É enxeñeiro técnico especializado na xestión de explotacións agropecuarias e en hortofruticultura. Realizou un Máster en Viticultura e Enoloxía. É funcionario do Corpo Facultativo da Xunta de Galicia na Consellería do Medio Rural en Ourense. Durante varios anos foi o responsable da Axencia Comarcal de Extensión Agraria do Ribeiro.

Ata a súa incorporación ao organigrama de Xunta exercía como concelleiro de Urbanismo no concello de Ourense. Ademais é membro da Comisión Nacional de Política Agraria e da Comisión de Garantías do BNG. Tamén forma parte do Consello Comarcal de Ourense.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARIO XERAL

José Manuel Peña Penabad

José Manuel Peña Penabad é licenciado en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela.

Economista e auditor, é membro do Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) e do Rexistro de Economistas Auditores.

Diploma Directivo da Xunta de Galicia e Diploma de Inspección de Servicios da Xunta de Galicia.

Dentro da súa experiencia profesional, Peña Penabad ten desempeñado o labor de Asesor do conselleiro de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia en materia de emprego, formación ocupacional e de análise, xestión e control orzamentario.

O novo secretario xeral é funcionario en excedencia do Instituto Nacional de Emprego (INEM) e economista en excedencia do Concello de Oleiros, onde desempeñou postos de Interventor e Xerente.

Foi asemade, director de Planificación, Orzamentos e Control de Xestión do Concello da Coruña, así como Coordinador da Comisión Técnica de Desenvolvemento Social do Eixo Atlántico e vogal da Comisión Técnica de Infraestruturas e Planificación Estratéxica deste mesmo organismo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARIO XERAL DO SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Antolín Rodríguez Martínez

Nacido no concello de Vigo en 1954, é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, e especialista en Pediatría.

Tras realizar a especialidade en Pediatría no Hospital Xeral de Galicia en Santiago de Compostela, traballou como pediatra en Ferrol entre 1981-1984.

En 1984 foi director da Sectorial de Ambulatorios de Ferrol e entre 1985 e decembro de 1990 desenvolveu o posto de director do Insalud en A Coruña e director territorial do Insalud en Galicia, cargo que desempeñaba no momento no que se produciron as transferencias do Insalud á Comunidade Autónoma galega.

No ano 1991 foi nomeado director comisionado do Ministerio de Sanidade en Galicia, mentres que a finais dese mesmo ano, e ata 1995, ocupou o cargo de director territorial do Insalud en Madrid.

Desde esa data e ata a actualidade exerceu como pediatra no Centro de Saúde de Cambre (A Coruña).

Ten realizado traballos de cooperación técnica en materia de saúde en Nicaragua, Costa Rica, Salvador, República Dominicana, Panamá, Arxentina e Angola. É *Experto en Bioética* pola Universidade Complutense de Madrid e nos últimos 3 anos foi presidente do Comité de Ética Asistencial do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, de A Coruña.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

SECRETARIO XERAL

Miguel Ángel López Sieiro

Nacido en Domaio, no concello pontevedrés de Moaña, en xaneiro de 1968 está casado e ten dous fillos. É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e ten cursado estudos de especialización na Escola de Práctica Xurídica de dita universidade.

López Sieiro é funcionario do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia desde o ano 1993. Dentro da administración autonómica ten desenvolvido numerosos cargos, dende que no ano 1993 comezou a traballar no Centro de Coordinación de Documentación da Consellería de Cultura.

En setembro dese mesmo ano, tomou posesión como técnico na Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública, sendo adscrito á Asesoría Xurídica Xeral ata setembro de 1994.

Nesa data, toma posesión no posto de letrado asesor na Asesoría Xurídica Xeral, en comisión de servicios, ata abril de 1997. Posteriormente, asume a xefatura da Unidade de Xestión de Ingresos no organismo autónomo Augas de Galicia, onde permanecerá ata marzo de 1998.

Logo, pasará a ser nomeado Subdirector Xeral de Relacións, Planificación e Sistemas de Información na Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, ata que en maio sexa nomeado Secretario Xeral da Consellería de Pesca, labor que vén desempeñando ata a actualidade.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DIRECTOR XERAL DE RECURSOS MARIÑOS

Francisco Nicolás Fernández Cortes

Nacido en setembro de 1950, é licenciado en Ciencias, Sección Biolóxicas, pola Universidade Complutense de Madrid.

Funcionario da Administración Especial da Xunta de Galicia do corpo de Biólogos, dende setembro de 1994, Francisco Nicolás Fernández Cortes ten ampla experiencia no sector marítimo galego, onde desempeñou labores de dirección e investigación dende diferentes organismos públicos.

Así, en 1980 encargouse de dirixir o departamento da zona V (ría de Vigo e Pontevedra) na reestructuración do Plan de Explotación Marisqueira de Galicia e no 1982 estivo destinado ó Centro Experimental de Vilaxoán como xefe do Departamento de Bioloxía de Poboacións.

Entre 1988 e 1993, desempeñou o labor de investigador principal do proxecto de investigación denominado *Dinámica de poboacións explotadas de moluscos bivalvos Venerupis Pullastra e Venerupis rhomboideus na Ría de Arousa*, dende onde foi chamado asumir a responsabilidade de dirixir a oficina da Unidade Estatística da Consellería de Pesca en Pontevedra.

Posteriormente, en setembro de 1995 foi nomeado xefe de servizo de Planificación e Sistemas de Información da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca. En abril de 2002, responsabilizouse da Xefatura do Servizo de Planificación da mesma Secretaría.

É autor de numerosos traballos nos eidos da acuicultura intensiva, a xestión de recursos e semicultivo intensivo ou a estatística e tratamento da información e autor ou colaborador na elaboración de máis dunha trintena de publicacións. Asemade, ten un amplo currículo como profesor ou conferenciante en múltiples cursos de formación.

Entre outras actividades, é membro do Comité Editorial da serie Cuadernos da Área de Ciencias Mariñas.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DIRECTOR XERAL DE ESTRUTURAS E MERCADOS DA PESCA

Manuel Adolfo Cabirta Garrido

Natural de Pontecaldelas, onde naceu en outubro de 1943, é enxeñeiro técnico industrial pola Escola de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo.

Manuel Cabirta Garrido ten ampliado a súa formación en múltiples eidos, entre os que salientan a xerencia de empresas cooperativas ou o réxime xurídico de axudas.

Ten desempregado labores de coordinación docente de cursos de formación cooperativa para perceptores do seguro de desemprego e coordinado para Galicia a campaña de información cooperativa.

Foi concelleiro de Benestar Social no Concello de Redondela durante dúas lexislaturas e, na actualidade, desempeña o cargo de xefe do Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca da Delegación Territorial de Pesca e Asuntos Marítimos de Vigo, cargo que ven desenvolvendo dende 1997.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DIRECTORA XERAL DE INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

María Fátima Linares Cuerpo

Nacida en maio de 1956, é licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela e Técnico Facultativo Superior da Xunta de Galicia dende o ano 1994.

Posúe unha extensa experiencia profesional, particularmente vencellada ó Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Vilaxoán (Pontevedra), onde iniciou a súa actividade científica como bolseira da Consellería de Pesca (1980-1984). Linares Cuerpo especializouse en cultivos mariños nos ámbitos relacionados coa reprodución, cultivo larvario e engorde de peixes mariños e desenvolveu unha especial dedicación á área de nutrición de peixes en tódalas fases de cultivo.

Nese mesmo centro, foi responsable de seis proxectos de investigación relacionados coa acuicultura de peixes mariños e participou noutros 13 proxectos de I+D desenvolvidos polo CIMA coa participación doutras entidades participantes, entre elas o Centro de Experimentación en Acuicultura de Couso (Ribeira), o Instituto Español de Oceanografía ou o Instituto de Ciencia do Mar do CSIC de Barcelona.

Fátima Linares Cuerpo é, asemade, autora de máis dunha vintena de publicacións e documentos científico-técnicos dentro do seu ámbito de especialización. Tamén ten desenvolvido un importante labor de asesoramento tanto ó sector profesional como á administración, para os cales ten traballado na elaboración de informes para a Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, a Dirección Xeral de Recursos Mariños ou a Secretaría General de Pesca.

Entre os anos 2000 e 2002 actuou como representante da comunidade autónoma galega nas reunións do Plan Nacional de JACUMAR nos grupos de traballo de cultivo de polbo e ollomol.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

SECRETARIO XERAL

José Vázquez Portomeñe

Naceu en Taboada (Lugo) en 1948 e é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Desenvolveu a súa traxectoria profesional no eido da Administración pública.

En 1975, ingresou no Corpo Especial de Letrados e, en 1993, realizou o Mestrado en Recursos Humanos, organizado polo Instituto Universitario da Administración e Dirección de Empresas (ICADE). Entre outros cargos, José Vázquez Portomeñe foi director do Instituto de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Provincia de Lugo entre 1979 e 1984; xefe de sección da Delegación Provincial de Turismo, Xuventude e Deportes en Lugo e secretario provincial da Consellería de Traballo na mesma provincia.

Xunto coa realización de diversos cursos sobre a contratación administrativa e as relacións laborais, José Vázquez Portomeñe, exerceu como árbitro en diversas ocasións: foi árbitro e mediador de conflitos sociolaborais, designado por unanimidade das organizacións empresariais e sindicatos. Tamén exerceu de vogal do Consello Galego de Cooperativas, da Comisión Nacional de Seguridade e Hixiene e da Fundación Estatal para Prevención de Riscos Laborais.

Ademais, ocupou o posto de vicexerente da USC para o Campus de Lugo e xerente da Universidade de Santiago de Compostela. No ano 2000 foi nomeado director xeral de Relacións Laborais da Consellería de Xustiza.

Ten publicado un monográfico sobre *A negociación como saída á conflictividade laboral* na *Revista Galega de Dereito Social* e participa na organización de diversos cursos e seminarios. Entre outros, dirixiu o curso *A economía social no sector agrario* e codirixiu o I e II Simposio *Os servizos sociais en Galicia desde a infancia ata a terceira idade, unha tarefa con marca*.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO

Álvaro Ansias Bacelar

Álvaro Ansias Bacelar naceu en Ourense en setembro de 1957. É licenciado en Dereito, diplomado en Graduado Social e experto sociolaboral, co título propio da UNED.

Funcionario do Estado (en excedencia) e funcionario da Xunta de Galicia desde o ano 1983, ata o de agora estaba destinado na Consellería de Economía e Facenda.

Tamén foi membro do Consello Galego de Relacións Laborais.

CONSELLERÍA TRABALLO

DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Pastor Fuenteseca Díaz

Naceu en Lugo no ano 1957. É diplomado en Maxisterio con especialización en Lingua e Francés.

É mestre de Educación Primaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta dende setembro de 1981. Dende o ano 1998 e ata a actualidade desempeña o cargo de secretario xeral da Unión Comarcal de UXT de Lugo.

Desde xuño de 2004 é membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

**(NOTA: OS CURRÍCULOS NON ADXUNTOS FACILITARANSE
AO LONGO DO DÍA NO GABINETE DE COMUNICACIÓN DA
XUNTA DE GALICIA)**